



ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE E A FEDERACIÓN DEPORTIVA GALEGA DE HALTEROFILIA PARA A REALIZACIÓN DO PROGRAMA DE PROMOCIÓN E DESENVOLVEMENTO DA SÚA MODALIDADE DEPORTIVA E PREPARACIÓN DO PROGRAMA RÍO 2016 (XOGOS OLÍMPICOS)

En Santiago de Compostela, a 30 de setembro de 2015.

DUNHA PARTE, o Sr. D. José Ramón Lete Lasa, secretario xeral para o Deporte da Xunta de Galicia, en uso das competencias que lle outorga o Decreto 12/2012, do 4 de xaneiro polo que se establecen os órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia.

DOUTRA PARTE, o Sr. D. José Óscar Fernández Serantes, presidente da Federación Galega de Halterofilia, en nome e representación da mesma, en exercicio das facultades atribuídas ó efecto polos estatutos federativos.

Ambas partes recoñécense con capacidade para formalizar a presente addenda ao convenio de colaboración suscrito con data 3 de marzo de 2015 para a realización de programas de actividades para o fomento do deporte federado para o exercicio 2015 e a estes efectos,

EXPOÑEN

1.- Coa finalidade de atender a promoción e fomento do deporte federado da súa modalidade na Comunidade autónoma galega, a Secretaría Xeral para o Deporte asinou, con data 3 de marzo de 2015, un convenio de colaboración coa Federación Galega de Halterofilia por importe total de 74. 202 € para os anos 2015 e 2016, coa seguinte distribución por programas:

| PROGRAMAS | 2015 | 2016 |
|---|------------------|------------------|
| Gastos Xerais de Funcionamento | 4000 € | 4000€ |
| Actividade Deportiva e Competitiva Ordinaria | 3.001 € | 3.001 € |
| Programa de Tecnificación e Rendemento | 23.500 € | 23.500 € |
| Grupo Especial de Alto Rendemento – <i>Programa Río 2016</i> Preparación olímpica: - Víctor Castro Mariño - Irene Martínez Santiago - Alberto Díaz | 5.000 € | 5.000 € |
| Outros proxectos de especial relevancia - XII Copa de España - XIX Trofeo Internacional Cidade da Coruña | 1.000 € 600 € | 1.000 € 600 € |
| TOTAL: | 37.101 € | 37.101 € |

A cláusula décima do Convenio de colaboración prevé a creación dunha comisión integrada por dous representantes de cada unha das partes asinantes do convenio

coa finalidade de efectuar un seguimento do grao de execución dos programas previstos no convenio e a solución de controversias que a súa interpretación poida motivar.

Esta comisión constituíuse con data 24 de abril de 2015 e está composta por Laura Mosquera Escudero, subdirectora xeral de Plans e Programas e Sebastián Selas Díaz, xefe de servizo de Deporte Escolar, en representación da Xunta de Galicia, e por José Óscar Fernández Serantes, presidente, e María Luisa Núñez López, secretaria, en representación da Federación Galega de Halterofilia, e acordaron propor unha reestruturación dos gastos por programas mantendo o importe total do convenio. Con base a anterior consideración as partes acordan a seguinte:

CLAÚSULA

Primeira.- Acórdase reestruturar o cadro de financiamento que figura no convenio como anexo I co seguinte detalle:

ANUALIDADE 2015

| PROGRAMA | 2015 | 2016 |
|---|-----------------|-----------------|
| Gastos Xerais de Funcionamento | 4.000 € | 4000€ |
| Actividade Deportiva e Competitiva Ordinaria | 3.501 € | 3.001 € |
| Programa tecnificación e rendemento Río 2016 | 23.500 € | 23.500 € |
| Grupo especial alto rendemento Río 2016 Preparación olímpica: - Víctor Castro Mariño - Irene Martínez Santiago - Alberto Díaz | 4.500 € | 5.000 € |
| Outros proxectos de especial relevancia 2ª fase Interautonómica Liga Absoluta Norte (M+F) | 1.600 € | 1.600 € |
| TOTAL: | 37.101 € | 37.101 € |

En proba de canto antecede, as partes que interveñen asinan a presente addenda no lugar e data reseñado no encabezamento.

O secretario xeral para o Deporte



José Ramón Lete Lasa

O presidente da Federación Deportiva Galega de Halterofilia



José Óscar Fernández Serantes